

MEMORIA ANUAL 2010



ÍNDICE

| | |
|--|----|
| 1. Perfil das persoas atendidas e actividades xerais realizadas no ano 2010..... | 3 |
| 2. Menores en Réxime de Protección..... | 40 |
| 3. Menores en Réxime de Reforma..... | 52 |
| 4. Valoración dende a apertura do CD ata o ano 2010..... | 70 |

1. PERFIL DAS PERSOAS ATENDIDAS E ACTIVIDADES XERAIS REALIZADAS NO ANO 2010

- 1.1** Número de menores atendidos
- 1.2** Características xerais dos menores atendidos no Centro de Día (CD)
- 1.3** Distribución dos menores en réxime de protección ou reforma
- 1.4** Altas no Centro de Día
- 1.5** Estancia no Centro de Día
- 1.6** Núcleo familiar de convivencia
- 1.7** Intervencións
- 1.8** Situación formativo / laboral
- 1.9** Consumo de drogas nos menores que estiveron neste ano no C D
- 1.10** Programas específicos
- 1.11** Actividades fora do centro
- 1.12** Saídas organizadas dende o Centro de Día

1.1 NÚMERO DE MENORES ATENDIDOS


Durante o ano 2010 atendéronse no Centro de Día de Atención ao Menor Alborada un total de **cincuenta e nove (59) menores**, dos cales:

- **Tres(3)** estiveron tanto en réxime de Protección como de Reforma
- **Oito(8)** cumpriron varias medidas diferentes en Reforma:
 - a. Dúas(2) medidas: seis (6) menores
 - b. Tres(3) medidas: unha (1) menor
 - c. Seis(6) medidas: un (1) menor

Polo tanto podemos falar que ao longo do ano 2010 houbo un total de **setenta e cinco (75) casos**, divididos en **trinta (30) en Protección e corenta e cinco (45) en Reforma**. Sinalar que, a hora de elaborar esta memoria, se tiveron en conta o número total de casos nos dous réximes, é dicir setenta e cinco (75).

Así mesmo, destes setenta e cinco (75) casos, cincuenta (50) foron novos ingresos no ano 2010.

Gráfica 1: Ingresos durante o 2010




1.2 CARACTERÍSTICAS XERAIS DOS MENORES ATENDIDOS NO CD

SEXO:

Dos menores atendidos, atopámonos con que un **67%** eran homes e un **33%** mulleres.

Gráfica 2: Sexo




IDADE:

A idade predominante dos menores asistentes ao Centro de Día no ano 2010, é a comprendida entre os dezaseis e os dezaioito anos, atopándose neste intervalo **corenta e oito (48)** casos.


| Idades no ano 2010 | Menores no CD |
|--------------------|---------------|
| 20 anos | 1% |
| 19 anos | 7% |
| 18 anos | 25% |
| 17 anos | 37% |
| 16 anos | 15% |
| 15 anos | 5% |
| 14 anos | 7% |
| 13 anos | 3% |

Gráfico 3: Idades



LUGAR DE RESIDENCIA:

Gráfica 4: Lugar de Residencia



OUTRAS CULTURAS:

Da totalidade de menores asistentes ao Centro de Día un 7% pertencía á etnia xitana, un 8% era de orixe sudamericana, un 3% marroquí e un 1% de orixe italiana.

NIVEL EDUCATIVO:

Tomamos como referente do nivel educativo dos menores asistentes ao Centro de Día os estudos que teñen rematados, así un 60% só tiña estudos primarios, un 35% o 1º ciclo da ESO, o 4% tiña o título da ESO e un 1% un Ciclo de Grao Medio realizado. Pero hai que sinalar que o feito de ter rematados estes estudos, sobre todo no caso de rapaces e rapazas que só teñan estudos primarios, non ten porque ser indicativo do nivel educativo real, por exemplo podemos mencionar que un 5% dos asistentes ao Centro de Día eran analfabetos funcionais.

| Estudios rematados | Número de Menores |
|--------------------|-------------------|
| Estudios Primarios | 45 |
| 1º Ciclo da ESO | 26 |
| ESO | 3 |
| Ciclo Medio | 1 |


A nivel informativo achegamos tamén, unha táboa indicativa do último curso realizado polos/as menores asistentes ao CD, na cal podemos observar que un 32% só chegaron a cursar estudos de 2º de ESO, independentemente do seu nivel académico, e que só un 4% rematou os estudos secundarios obrigatorios.

| Último Curso Realizado | Número de Menores |
|------------------------|-------------------|
| Non consta | 5 |
| 1º ESO/Módulo I EPA | 9 |
| 2º ESO/ Módulo II EPA | 24 |
| 3º ESO/ Módulo III EPA | 10 |
| 4º ESO/ Módulo IV EPA | 9 |
| PCPI | 15 |
| Ciclo Medio | 2 |
| 1º Bacharelato | 1 |

1.3 MENORES SEGUNDO O RÉXIME: PROTECCIÓN OU REFORMA

Como xa indicamos, no ano 2010 atendéronse no Centro de Día de Atención ao Menor Alborada un total de setenta e cinco (75) casos correspondentes a cincuenta e nove (59) menores, dos cales **vinte e sete (27) estiveron en réxime de protección, vinte e nove (29) en réxime de reforma e tres (3) en réxime de protección e logo de reforma.**

Gráfica 5: Menores en Reforma o Protección




1.4 ALTAS NO CENTRO DE DÍA

Houbo un total de **cincuenta e tres (53)**, das que o **59%** foron altas educativas, un 1% por traslado de localidade, un **11%** abandonaron o programa, e o **28%** foron derivados a outras institucións dependentes da Consellería de Traballo e Benestar:

- **catro -4-** a unha medida máis restritiva,
- **dous -2-** ao Programa Ambulatorio de Alborada,
- **tres -3-** ao Réxime de Reforma en Alborada,
- **tres -3-** a casas de familia, **dous -2-** ao Centro Montealegre
- **un -1-** ao Centro Príncipe Felipe


Gráfica 6: Motivo de alta



1.5 ESTANCIA NO CENTRO DE DÍA

Obsérvase que un **7%** dos menores permaneceron no Centro de Día menos de un mes, o **23%** de 1 a 3 meses, o **34%** nun período de 3 a 6 meses, o **17%** de 6 a 9 meses, o **12%** de 9 meses a un ano e un **7%** máis de 1 ano.

Gráfica 7: Estancia no CD




1.6 NÚCLEO FAMILIAR DE CONVIVENCIA


Con respecto ao núcleo familiar no que vive o menor diariamente, pareceunos moi significativo que o **27%** sexa un núcleo monomarental ou en menor medida monoparental. Por outra banda o **43%** dos menores atendidos no centro vive con ambos proxenitores.

Se analizamos o resto dos núcleos de convivencia atopámonos que tan só o **8%** vive coa familia extensa e un **12%** co que denominamos Familia Nuclear2, é dicir familias formadas pola nai ou o pai e a súa nova parella. Por último sinalar que un **5%** viven nunha institución e outro **5%** conviven noutros modelos familiares (parella e fillos, emancipados,...)

Gráfica 8: Modelos familiares




**Gráfica 9: Familia
Monomarental/Monoparental**



| | |
|--------------------------------------|-----------|
| NUCLEAR | 31 |
| Pais | 31 |
| FAMILIA EXTENSA | 6 |
| Avós | 4 |
| Outro familiar | 2 |
| MONOMARENTAL MONOPARENTAL | 20 |
| Nai | 7 |
| Pai | 1 |
| Nai e outro familiar | 11 |
| Pai e outro familiar | 1 |
| NUCLEAR2 | 9 |
| Nai e parella | 8 |
| Pai e parella | 1 |
| OUTROS | 4 |
| Outros | 3 |
| Parella e fillos | 1 |
| INSTITUCIÓN | 4 |
| Institución | 4 |

Gráfica 10: Familia Nuclear2




1.7 Intervencións

- Visitas domiciliarias: 60
- Entrevistas ou visitas fora do Centro: 64
- Entrevistas menor /familia:
 - Titorías: 2000
 - Intervencións Educativas Individuais: 1079
 - Intervencións Educativas coa Familia: 344
 - Intervención Educativas só coa Familia: 378
 - Intervencións Fin de semana e fora do horario laboral: 76
- Intervencións Psicolóxicas:
 - Intervencións Psicolóxicas Individuais: 797
 - Intervencións Psicolóxicas coa Familia: 41
 - Intervencións Psicolóxicas só coa Familia: 292
- Contactos telefónicos menor /familia:
 - Contactos telefónicos cos menores: 1726
 - Contactos telefónicos coas familias: 4955
- Seguimento Académico:
 - Seguimento Académico: 1150
 - Seguimento Académico Familiar: 162
 - Visita Escolar: 87
- Informes: 380 informes realizados
- Coordinación de recursos: 1707
- Outras:
 - Técnicos: 1340
 - Outras: 1351

1.8 Situación formativo / laboral

Con respecto a súa situación formativo/laboral no momento do ingreso no Centro de Día: o 28% estaban escolarizados e asistían a clase, o 13% escolarizados e non asistían a clase, un 30% desempregados e buscando traballo, outro 13% desempregados que non buscaban traballo, un 4% traballando e un 12% non estaban escolarizados.

Gráfica 11: Situación Formativo/laboral no momento do ingreso



Con respecto aos estudos, ao longo do ano os menores asistentes ao Centro de Día cursaron os seguintes, independentemente da súa situación ao ingreso:

Formación Regrada:

- ESO:
 - 1º ESO: 3
 - 2º ESO: 7
 - 3º ESO: 3
 - 4º ESO: 5
- Bacharelato:
 - 1º Bacharelato: 1

- Ciclos Medios:
 - Ciclo Medio Comercio: 1
 - Ciclo Medio Cociña: 1
- Educación Especial:
 - Tránsito a vida adulta: 1
- Educación para adultos:
 - Módulo I: 3
 - Módulo II: 2
 - Módulo III: 2
- Programas de Capacitación Profesional Inicial:
 - PCPI Mecánica automóbil: 1
 - PCPI Carpintería da Madeira: 1
 - PCPI Peiteado: 1
 - PCPI Estética: 2
 - PCPI Servizos Auxiliares de Oficina: 1
 - PCPI Electrónica: 1
 - PCPI instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións: 2


Formación non Regrada

- Cursos realizados por menores asistentes ao Centro de Día:
 - Curso HHSS para xóvenes en risco: 1
 - Curso de electricidade de edificios (Plan Fip): 1
 - Curso de Competencia Mariñeira: 1
 - Curso de Xoiería: 1
 - Curso de Perruquería: 2
 - Curso de Estética: 5
 - Manipulador de Alimentos: 1
 - Carné de conducir: 8
 - Curso de Actividades Pre-laborais: 1

Na Busca Activa de Emprego (BAE) participaron **corenta (40)** persoas, das que **dezaoito (18)** atoparon traballo. Os empregos aos que accederon son os seguintes:

- Aprendiz de carpintaría de aluminio: 1
- Fábrica de colchóns: 1
- Instalador de gas: 1
- Axudante de cociña: 1
- Camareiro/a: 5
- Mozo de descarga: 2
- Mozo de almacén: 1
- Reparto publicidade: 1
- Prácticas de Auxiliar Administrativo: 2
- Mensaxeiro/repartidor: 2
- Dependente: 1

Gráfica 12: Busca Activa de Emprego



1.9 Consumo de drogas nos menores que estiveron neste ano no Centro de Día

| | | DIARIO | | FINS DE SEMANA | |
|----------------|-------------|----------|-----------|----------------|-----------|
| | | Habitual | Ocasional | Habitual | Ocasional |
| ALCOHOL | Protección: | 10% | 39% | 35'5% | 32% |
| | Reforma: | 22% | 42% | 58% | 24% |
| TABACO | Protección: | 71% | -- | 68% | 3% |
| | Reforma: | 75'5% | -- | 71% | 2% |
| CANNABO | Protección: | 39% | 35'5% | 52% | 23% |
| | Reforma: | 51% | 20% | 55'5% | 15'5% |
| COCAÍNA | Protección: | -- | 6% | 3% | 13% |
| | Reforma: | 2% | 11% | 2% | 13% |
| HEROÍNA | Protección: | -- | -- | -- | -- |
| | Reforma: | 2% | -- | 2% | -- |
| ÉXTASE | Protección: | -- | -- | -- | -- |
| | Reforma: | 2% | -- | 2% | 2% |
| L.S.D. | Protección: | -- | -- | -- | -- |
| | Reforma: | 2% | -- | 2% | 2% |

Dos menores atendidos, un 6% no programa de protección non eran consumidores de ningunha das substancias sinaladas e dun 6% no Réxime de Reforma non constan datos

Casos Atendidos: 75

Nota: Estes datos son recoñecidos polos menores nas intervencións realizadas con eles

1.10 Programas Específicos

Os Programas Específicos que se realizan no Centro de Día trabállanse mediante sesións semanais no Centro, nas que se compaxinan momentos teóricos, con actividades prácticas de discusión, debate, aporte de experiencias e opinións persoais, por medio de dinámicas de grupo, ensaios de conduta,... sendo fundamental o uso da cámara de vídeo como axente motivador para os menores; a través da cámara obteñen información obxectiva de ver cómo se enfrontan a diferentes situacións interpersoais. Poden realizarse en pequenos grupos ou de xeito individual intervindo, dependendo do programa, ata a totalidade do equipo do Centro de Día.

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

Para que os mozos/as alcancen as Habilidades Sociais, profundizamos en tres grandes bloques mediante obradoiros, tanto grupais coma individuais, recalcando como ferramenta básica, o modelaxe e o adestramento de situacións:

- Habilidades de Comunicación
 - Comunicación verbal e non verbal
 - Empatía
 - Percepción
 - escoita activa
- Autocoñecemento e autoestima
 - Como me vexo
 - Como me ven os demais
 - A miña evolución como persoa

- Expresión de sentimientos
 - Recoñecer os sentimentos
 - Comprender os meus propios sentimentos
 - Comprender os sentimentos dos demais
 - Expresión de sentimentos

A priori, son destinatarios do Programa de Habilidades Sociais todos os adolescentes asistentes ao Centro de Día; tanto aqueles que manifesten condutas problemáticas (comportamentos excesivos e comportamentos inhibidos) como aqueles que, non presentando ningún problema condutual, poidan beneficiarse dun enfoque preventivo de mellora da convivencia social

Ao longo do ano 2010 as sesións desenvolvidas a nivel grupal foron as seguintes:

| Título | Sesións | Participantes |
|---------------------------------|------------------------------|----------------------|
| Autocoñecemento | Ventana Johari | 2 |
| | Percepción | 2 |
| | Que me pasa? | 5 |
| Expresión de sentimentos | Expresión de sentimentos I | 4 |
| | Expresión de sentimentos II | 4 |
| | Expresión de sentimentos III | 4 |

Asemade, este ano, comezáronse a traballar as Habilidades Sociais mediante unha nova actividade, o videoforum, onde apoiándonos en material audiovisual (curtas e longametraxes, documentais, ...) traballamos os diferentes obxectivos deste programa.

| Título | Participantes |
|-------------------|---------------|
| Entrenador Carter | 4 |
| Os Luns ao Sol | 4 |
| Bullyng | 3 |
| Barrio | 3 |
| Cobardes | 4 |
| Fuerte Apache | 4 |
| Le llamaban Radio | 5 |

Por outra banda, nas sesións individuais participaron **sesenta e oito (68)** menores o que supón un **91%** dos asistentes ao Centro de Día.




PROGRAMA DE AUTOCONTROL EMOCIONAL

Os participantes neste programa son adolescentes asistentes ao Centro de Día, sobre todo os que manifesten condutas antisociais e violentas con carencia de estratexias axeitadas de autocontrol emocional e de resolución de conflitos. O obxectivo principal do programa é desenvolver o autocontrol emocional como factor de protección de condutas de risco.

Principalmente traballouse o autocontrol emocional dende catro perspectivas:

- Que é o autocontrol
- Análise persoal das perdas de control
- Técnicas de control emocional
- Técnicas de relaxación

Neste programa, desenvolvido de xeito individual, participaron un total de **cincuenta e oito (58)** menores, o que supón un **77%** dos asistentes ao Centro de Día.



PROGRAMA DE RELAXACIÓN

A relaxación contribúe a desenvolver capacidades como a atención, a observación, a imaxinación, a percepción, a memoria e a concentración e que ademais facilita a prevención do estrés, da ansiedade e da tensión emocional entre outras.

Moitos dos/as rapaces/as que ingresan no Centro de Día, practicamente todos/as, carecen da estimulación apropiada nas capacidades sinaladas, de tal maneira que este programa o consideramos necesario para o seu desenvolvemento persoal, tendo como resultado en moitos deles a redución de situacións conflitivas ou sensacións desagradables que van acompañadas de sentimentos e pensamentos negativos sobre un mesmo e unha certa impresión de falta de control.

No ano 2010 participaron, a nivel individual, un total de **dezaoito (18)** menores, é dicir un **24%** do total.

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA

O “Programa de Intervención Psicolóxica” desenvolvido no Centro de Día de Atención ao Menor Alborada ten como obxectivos principais facilitar a superación daquelas dificultades coa axuda de profesionais e servizos de atención nun recurso de Centro de Día, fortalecer os factores de protección do/a menor, favorecer o seu proceso de maduración, facilitar, a través do traballo en rede, que o/a menor siga avanzando no seu itinerario de incorporación social a partires doutros recursos comunitarios, establecendo lazos coa súa comunidade e coa sociedade normalizada e buscar a implicación e participación do menor no seu propio proxecto.

Tan pronto como o mozo ou a moza ingresa no Centro de Día, comeza o deseño do Programa de Intervención Psicolóxica coa implicación de varios niveis de actuación (individual, familiar, escolar e comunitario) e subprogramas complementarios: **Programa Específico de Desenvolvemento Persoal, Programa Específico de Atención a Menores que Usan Drogas, Programa Específico de Prevención dos Comportamentos Violentos e Fomento das Habilidades Prosociais e do Razonamento Moral, Programa Específico de Desenvolvemento Sociorrelacional, Programa Específico do Área Formativo Laboral e o Programa Específico da Área de Ocio e Tempo de Lecer.**

A nivel xeral neste programa participaron de xeito individual **corenta e catro (44)** menores o que supón un **59%** dos asistentes.

Analizando os participantes nos programas específicos atopámonos con que:


- No **Programa Específico de Desenvolvemento Persoal** participaron de xeito individual **corenta (40)** menores o que supón un **53%** do total.
- No **Programa Específico de Atención a Menores que Usan Drogas** foron incluídos **trinta e seis (36)** adolescentes, é dicir, un **48%**.
- No **Programa Específico de Prevención dos Comportamentos Violentos e Fomento das Habilidades Prosociais e do Razonamento Moral** asistiron **trinta e sete (37)** rapaces ou rapazas, un **49%** do total.
- No **Programa Específico de Desenvolvemento Sociorrelacional** un total de **trinta (30)** menores, un **40%**.

- No **Programa Específico do Área Formativo Laboral** participaron de xeito individual **trinta e cinco (35)** rapaces e rapazas o que supón un **47%** do total.
- No **Programa E. da Área de Ocio e Tempo de Lecer** foron incluídos de xeito individual un total de **trinta e cinco(35)** adolescentes, outro **47%** do total.

PROGRAMA DE INTERVENCIÓN NO MALTRATO

O Programa aborda a intervención no maltrato dende tres perspectivas diferenciadas, por unha banda o **Programa de Intervención con Menores que Exercen Maltrato nos seus Fogares ou nas súas Relacións Sociais ou de Parella**, por outra o **Programa de Prevención e Tratamento para Familias con Prácticas de Diversas Formas de Maltrato**, e nunha terceira o **Programa de Tratamento a Víctimas de Maltrato**.

Así atopámonos con tres programas diferenciados que interveñen directamente cos/as adolescentes, coas familias e finalmente coas vítimas.



A nivel xeral, no Programa de Intervención no Maltrato participaron, de xeito individual, un total de **corenta e seis (46)** menores, un **61%** do total.

Analizando estes datos polo miúdo, atopámonos con que:

- No “*Programa de Intervención con menores que exercen maltrato nos seus fogares ou nas súas relacións sociais ou de parella*” participaron **corenta e catro (44)** menores, o que supón un **59%**.
- No “*Programa de Prevención e Tratamento para familias con prácticas de diversas formas de maltrato*” participaron as familias de **dezaseis (16)** menores, un **21%**.
- No “*Tratamento con vítimas de violencia*” participaron **oito (8)** rapaces ou rapazas, é dicir un **11%** dos asistentes.

PROGRAMA DE ESTIMULACIÓN NEUROPSICOLÓXICA E PSICOMOTRIZ

Este programa vai dirixido a aqueles rapaces ou rapazas que presentan ou poidan presentar posibles alteracións neuropsicolóxicas e psicomotrices leves e que poidan beneficiarse dun pulo nestas áreas cun plantexamento fundamentalmente participativo e experiencial

O Obxectivo do programa pasa por complementar o tratamento psicolóxico, modificalo e adaptalo as capacidades cognitivas dos menores, nos que se evidencia o se presumen posibles alteracións neuropsicolóxicas e ou psicomotrices

Ao longo do ano 2010 participaron neste programa de xeito individual **cinco (5)** adolescentes, ou sexa un **7%** do total de asistentes ao Centro de Día.


PROGRAMA DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

No Programa de Educación para a Saúde participaron aqueles adolescentes que manifestan condutas problemáticas (inicio de consumo de drogas, carencia de hábitos de hixiene, inicio de trastornos alimenticios, cambios físicos asociados á sexualidade) ou que, non presentando ningunha problemática desta índole, poidan beneficiarse dun enfoque preventivo que intente mellorar a súa saúde física e mental.

Traballaron a Educación para a Saúde de xeito grupal e individual **cincuenta e nove (59)** menores, un **79%**, a través de catro Programas Específicos:

- *Programa Específico de Hábitos de Hixiene*
- *Programa Específico de Hábitos Alimenticios Saudabeis*
- *Programa Específico de Prevención de Drogas*
- *Programa Específico de Afectividade e Sexualidade*

Se ben, para estes dous últimos programas específicos, de ser necesario, existen dous programas especializados en ditas problemáticas.



PROGRAMA DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN NO CONSUMO DE DROGAS

O “Programa de Prevención e Intervención no consumo de drogas”, no que participaron de xeito individual **sesenta e catro (64)** adolescentes, ou sexa un **85%**, pódese dividir en tres programas específicos:

- **Programa de mantemento da abstinencia**, o/a adolescente que non consume ningunha droga ou ben, tivo algún consumo puntual de tipo experimental. Neste programa participaron **catorce (14)** menores, un **19%**.

- **Programa de redución do consumo**: Ou/a adolescente que é consumidor habitual de drogas, sexa pola semana ou ben os fins de semana, e adquire un compromiso en canto á abstinencia, ben sexa:
 - .- Reducir ou consumo.
 - .- Deixar de consumir.

Participaron neste Programa un total de **trinta e sete (37)** adolescentes, o que supón un **49%**.

- **Programa de redución de riscos**: O/a adolescente que é consumidor habitual de drogas, sexa pola semana ou ben os fins de semana, e non quere reducir o consumo, é dicir, sen ningún obxectivo en canto a abstinencia.

Un **45%** foi a porcentaxe de participantes sobre o total de asistentes ao Centro de Día, é dicir **trinta e catro (34)** menores.

PROGRAMA AFECTIVO SEXUAL

A adolescencia é unha etapa de cambios fisiolóxicos, de descubrimento de novos desexos e prácticas sexuais,... de aí que sexa una fase impregnada de inseguridades e interrogantes; por todo isto faise imprescindible un traballo educativo sobre a sexualidade, as relación de parella, a afectividade e a igualdade de xénero.

A nivel individual participaron neste programa, **corenta e cinco (45)** menores, o que supón un **60%** do total de asistentes ao Centro de Día.

As sesións desenvolvidas a nivel grupal neste ano foron as seguintes:


| Título da sesión | Participantes |
|---------------------------|---------------|
| Sexualidade I | 4 |
| Sexualidade II | 4 |
| Prevenção VIH – 1ª sesión | 7 |
| Prevenção VIH – 2ª sesión | 10 |
| Prevenção VIH – 3ª sesión | 9 |



PROGRAMA DE BUSCA ACTIVA DE EMPREGO

O obxectivo do *Programa de Busca Activa de Emprego* pasa por ampliar as posibilidades persoais e formativas dos usuarios adolescentes, potenciando as estratexias necesarias para a consecución dun emprego ou, si é o caso, para unha reorientación profesional.

Traballamos a Busca Activa de Emprego dende dúas perspectivas o Pre-BAE que pretende traballar as habilidades previas necesarias para a busca de emprego e BAE, a busca de emprego en sí mesma.



Participaron neste programa **corenta (40)** persoas, das que **dezaseis** atoparon traballo, nalgúns casos varias veces por mor de deixar o traballo, acabárselle o contrato ou non superar o período de proba.

PROGRAMA DE APOIO, REFORZO E ORIENTACIÓN ESCOLAR

Ao longo do ano 2010 desenvolveuse no Centro de Día un *Programa de Apoio, Reforzo e Orientación Escolar* no que participaron, tanto a nivel individual como en sesións grupais, **trinta e oito (38)** menores, é dicir un **51%** dos menores en réxime de Protección ou Reforma. Este programa subdivídese nos seguintes Programas Específicos:

- *Programa Específico de Apoio e Reforzo Escolar*, foron incluídos neste programa **vinte e catro(24)** adolescentes, un **39%**.
- *Programa Específico de Educación Compensatoria*, participaron **nove (9)** rapaces e rapazas, un **12%**.
- No *Programa Específico de preparación de Probas por libre e/ou EPA*, participaron **oito (8)** mozos e mozas, un **11%**.
- No *Programa Específico de Prevención do absentismo*, participaron **vinte e nove (29)** menores, é dicir un **39%** dos asistentes ao Centro de Día.
- *Programa Específico de Fomento da Lectura*, participaron neste programa **vinte e cinco (25)** o que supón un **33%**.
- *E o Programa Específico de Alfabetización Dixital* tratámolo como programa independente dentro desta memoria.



PROGRAMA ESPECÍFICO DE ALFABETIZACIÓN DIXITAL

Ao longo do ano elaborouse o Programa de Alfabetización Dixital, programa específico propio da área de Orientación Escolar, nas instalacións do Centro de Día participando en total nas diferentes sesións **trinta e tres (33)** menores, un **44%**. Se desenvolveron sesións grupais e individuais coas seguintes temáticas:

- Iniciación a Informática
- O Correo electrónico
- Iniciación a Internet
- Recursos na rede
- Coñecemento do entorno Windows
- Fotografía dixital
- Os procesadores de texto: Microsoft Word
- Música e Pc's
- Seguridade na Internet

PROGRAMA DE EDUCACIÓN VIARIA

Participaron neste programa mozos e mozas asistentes ao Centro de Día, especialmente aqueles que posúan un ciclomotor ou bicicleta, e que se vexa a necesidade de intervir sobre esta cuestión.

O obxectivo do mesmo pasa por incrementar a propia seguridade e acadar unha cidadanía máis concienciada, máis informada, máis reflexiva, máis dialogante e máis responsable, e polo tanto máis segura.

Participaron a nivel individual **vinte e seis (26)** menores, un **35%**.

As sesións desenroladas a nivel grupal neste ano foron as seguintes:

| Título da sesión | Participantes |
|------------------|---------------|
| 1ª Sesión | 4 |
| 2ª Sesión | 4 |
| 3ª Sesión | 4 |

PROGRAMA DE OCIO E TEMPO DE LECER

A priori todos os mozos e mozas asistentes ao Centro de Día son destinatarios do Programa de Ocio e Tempo de Lecer. Agora ben, dependendo do seu horario, situación persoal, afeccións, gustos,... varía o modelo de intervención nesta área.

O obxectivo do mesmo pasa por fomentar a participación dos/as menores en actividades de ocio e tempo de lecer saudables e educativas, preferentemente con iguais e en espazos normalizados, que lles leven a un desenvolvemento positivo da súa personalidade.



Participaron a nivel individual neste programa **cincuenta e catro (54)** menores, un **72%**.

A nivel grupal sinalamos as actividades realizadas no Centro de Día ao longo do ano 2010 nos puntos *1.11 Actividades fóra do Centro de Día* e *1.12 Saídas organizadas dende o Centro de Día*.

PROGRAMA DE DÍAS ESPECIAIS

Consideramos moi importante comezar a acercarlles aos adolescentes diversos acontecementos a través dalgunhas datas de interese ao longo do ano que axudarán a crear unha mentalidade máis crítica, dinámica, aberta e tolerante que facilite a incorporación de determinadas condutas e ideoloxías ás súas accións na vida cotiá.

O Programa consiste na ambientación de determinados espazos dentro do centro a través de decoración adaptada á ocasión, murais, trípticos, fotos, música, disfraces, etc. Todo isto estará reforzado coas visitas a distintos puntos de interese relacionados coa temática a resaltar. O calendario de posibles datas a celebrar estará condicionado polo grupo e o momento, xa que hai ocasións nas que hai temáticas para as cales non están preparados.

Xaneiro

30. Día Mundial da Non Violencia

Febreiro

14. Día Europeo da Saúde Sexual

Marzo

8. Día das Nacións Unidas para os Dereitos da Muller e a Paz Internacional

15. Día Mundial do Auga

21. Día internacional da Eliminación da Discriminación Racial

Abril

7. Día mundial da Saúde

8. Día Internacional do Pobo Xitano

28. Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo

Maio

31. Día Mundial sen Tabaco

Xuño

1. Día Internacional dos Nenos Inocentes Víctimas de Agresión

5. Día Mundial do Medio Ambiente

Agosto

12. Día Internacional da Xuventude

Setembro

21. Día Internacional pola Paz.

Outubro

10. Día Mundial da Saúde Mental

16. Día Mundial da Alimentación

17. Día Internacional para a Erradicación da Pobreza

Novembro

25. Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.

Decembro

1. Día Mundial contra a SIDA

3. Día das Personar con Discapacidade.

18. Día Internacional do Emigrante

31. Día Internacional da Solidariedade



PROGRAMA DE ACTIVIDADES PLÁSTICAS E CREATIVIDADE

O programaponse en marcha a través de obradoiros semanais nos que se pretende que cada un dos/as menores desenvolva as súas propias potencialidades. Así toda idea ou suxestión que eles acheguen debe ser considerada coma moi importante para o manexo da súa autonomía. Igualmente o programa ten que ser o suficientemente flexible para acoller cambios baseados na creatividade dos menores e estimular o intercambio de ideas entre eles, enriquecendo así a cada un de forma individual e ao grupo como colectividade.

Ao longo do ano 2010 participaron **trinta e cinco (35)** menores, un 47%, realizando diferentes actividades como:

- Pintura
- Origami
- Abalorios
- Scobidou
- Filigranas de papel



PROGRAMA DE APOIO POST INSTITUCIONAL

Nalgúns casos comprobamos que é habitual, que trala alta educativa ou baixa do Programa, en moitas ocasións, tanto o/a adolescente como a súa familia, manifestan as súas inquedanzas ao “sentirse sen axuda nin apoios” ante os problemas que as veces xorden. No Equipo Psicoeducativo, consideramos que é fundamental, ser un recurso de referencia para que estes medos se disipen e interioricen que son capaces de reorientar a súa vida e resolver os conflitos cotiás. Para dar resposta a esta necesidade, creóuse o *Programa de Apoio Post-Institucional*.

Foron usuarios do programa un total de **23 menores e 5 familias** que acudiron ao longo do ano ao Centro de Día polos seguintes motivos:

| Motivo | Menores | Familias |
|---|---------|----------|
| Asesoramento persoal | 9 | 2 |
| Asesoramento familiar | 2 | 3 |
| Asesoramento escolar | 3 | -- |
| Asesoramento laboral | 3 | -- |
| Visita | 6 | 1 |
| Derivación a UAD | 1 | -- |
| Derivación ao Programa Ambulatorio | 1 | 1 |
| Solicitud de información Servizos Sociais | 1 | 1 |
| Outros | 1 | -- |

INTERVENCIÓN GRUPAL CON FAMILIAS:

Realízanse mensualmente por profesionais do Centro de Día de Atención ao Menor ALBORADA. Ínvítase a todos os pais e nais dos menores que están no centro, sexan de réxime de protección ou de reforma.



A media de asistencia por sesión foi de **cinco** familias participantes; os temas tratados no ano 2010, foron os seguintes:

| Título da sesión | Participantes |
|----------------------------|---------------|
| Límites e consecuencias I | 7 |
| Límites e consecuencias II | 7 |
| Comunicación I | 6 |
| Comunicación II | 6 |
| Problemas dos adolescentes | 2 |
| Conclusións | 4 |

1.10 Actividades fora do centro:

Dende o Equipo Educativo consideramos que é fundamental que os menores participen en actividades fóra do centro (gráfica 13), buscando que sexan gratificantes e elexidas por eles, xa que se a finalidade principal é a de potenciar as súas aficións e intereses, o que en moitas ocasións é un traballo a longo prazo xa que o primeiro paso é motivar ao menor, o cal non sabe que facer ou non manifesta ningunha preferencia. Os setenta e cinco (75) menores atendidos no centro, realizaron as seguintes actividades (tendo en conta que algúns participaron en varias simultaneamente):

DEPORTIVAS:

- Gimnasia: 18
 - Natación: 11
 - Boxeo: 1
 - Fútbol: 14
 - Curso de árbitros: 2
- o Total: 46


ACADÉMICAS:

- Academia estética: 5
 - Academia peiteado: 2
 - Academia de Música: 5
 - Autoescolas: 8
- o Total: 20

OUTRAS:

- Voluntariado: 3
- o Total: 3

Gráfica 13: Actividades fóra do Centro



1.12 Saídas organizadas dende o Centro de Día

